- A non presentación da documentación xustificativa no prazo indicado no parágrafo anterior dará lugar á perda total do importe conveniado, coa conseguinte obriga de devolución das cantidades percibidas como anticipo, se é o caso.

### **CUARTA**

Pola súa banda, a ADC Santiaguiño comprométese a:

- Continuar colaborando co Concello na organización de actividades culturais e deportivas de interese para a veciñanza.

- Presentar, dentro do prazo establecido no presente Convenio, conta xustificativa da subvención recibida xunto coa documentación acreditativa das actividades realizadas, das comprendidas na memoria de actividades presentada, que incluírá facturas expedidas en legal forma comprensivas da totalidade dos gastos realizados, no modelo que forma parte do presente Convenio como Anexo.

- Presentar, a requirimento do Concello, toda a documentación que se considere precisa para acreditar correcto destino da subvención concedida.

### **QUINTA**

O período de vixencia deste convenio comprende a presente anualidade de 2023.

### **SEXTA**



O material publicitario que se realice relacionado coas actividades previstas no presente convenio, deberá facer constar de forma clara a colaboración do Concello de As Somozas, incluíndo o logo do Concello. O incumprimento desta cláusula poderá constituír causa de rescisión do presente convenio.

#### SÉTIMA

Serán causas de resolución do presente convenio as seguintes:

- A desviación da axuda concedida para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
- O incumprimento por parte da asociación dos requisitos e obrigas establecidas neste convenio.
- As contempladas con carácter xeral, no artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

No caso da resolución do convenio por mor das causas anteditas, a ADC Santiaguiño deberá proceder, no seu caso, ao reintegro dos fondos efectivamente aboados polo Concello, coa esixencia dos xuros de demora correspondentes dende o momento do pagamento da axuda até a data en que se acorde a procedencia do reintegro.

#### OITAVA

Os compromisos establecidos para as partes nas cláusulas precedentes poderán ser revisados de mutuo acordo en caso que se considere oportuno.

#### ANEXO

##### CONTA XUSTIFICATIVA DE SUBVENCIÓN MUNICIPAL PARA 2023 ENTIDADE SOLICITANTE: ADC O SANTIAGUIÑO

##### REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓNS Nº 02

Don/Dona \_\_\_\_\_, con documento de identidade nº \_\_\_\_\_ como representante da entidade \_\_\_\_\_, na súa condición de presidente/a da mesma,

#### DECLARO:

A) Que se lle concedeu unha subvención nominativa, mediante convenio asinado con data do \_\_\_\_\_, para as actividades e/ou investimentos recollidos na solicitude oportunamente presentada, e que durante o periodo indicado nese convenio, realizáronse os gastos que se relacionan na seguinte conta xustificativa:

| Número | Proveedor | CIF | Nº de factura | Concepto | Importe |
|--------|-----------|-----|---------------|----------|---------|
|        |           |     |               |          |         |
|        |           |     |               |          |         |
|        |           |     |               |          |         |
|        |           |     |               |          |         |
|        |           |     |               |          |         |
|        |           |     |               |          |         |
|        |           |     |               |          |         |
|        |           |     |               |          |         |
|        |           |     |               |          |         |
|        |           |     |               | TOTAL    |         |

B) Que se xunta relación de facturas polo importe da subvención concedida, xunto cos xustificantes bancarios da efectiva realización dos pagamentos correspondentes



C) Que os gastos que arriba se detallan son reais, foron aplicados ás finalidades para as que se concedeu a subvención e foron reflectidos nos libros contables da entidade.

D) Que á entidade á que represento lle foron concedidas, para as mesmas finalidades, as seguintes axudas ou subvencións:

| Entidade concedente | Obxecto da axuda ou subvención | Importe € |
|---------------------|--------------------------------|-----------|
|---------------------|--------------------------------|-----------|

E) Que o importe total das axudas ou subvencións recibidas en 2023 non superou o importe total dos gastos devengados.

F) Que se fixo a debida divulgación do financiamento por parte do Concello de As Somozas das actividades e investimentos subvencionados. Xúntase a efectos xustificativos un exemplar de toda a documentación impresa xerada polas actividades ou investimentos subvencionados.

G) Que a entidade á que represento está ó corrente coas súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social, e non ten débedas de ningún tipo co Concello de As Somozas. Autorízase en calquera caso ó Concello de As Somozas a obter as certificacións necesarias desas Administracións Públicas.

Nos casos en que o cadro da conta xustificativa non sexa suficiente para confeccionala, deberase cubrir o documento anexo.

As Somozas, na data da sinatura electrónica.

(Sinatura electrónica da persoa representante)

## ANEXO

| Número | Proveedor | CIF | Nº de factura | Concepto | Importe |
|--------|-----------|-----|---------------|----------|---------|
|        |           |     |               |          |         |
|        |           |     |               |          |         |
|        |           |     |               |          |         |
|        |           |     |               |          |         |
|        |           |     |               |          |         |
|        |           |     |               |          |         |
|        |           |     |               |          |         |
|        |           |     |               |          |         |
|        |           |     |               |          |         |
|        |           |     |               |          |         |





## RESOLUCIÓN

### ASUNTO: APROBACIÓN DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN DE VECIÑOS SANTA MARÍA DE SEIXAS. Expediente 73/2023

#### ANTECEDENTES:

Con data do 28-12-2022 publicouse no BOP n.º 245 o anuncio de aprobación definitiva do orzamento deste Concello de As Somozas para 2023. Na súa base de execución 39ª, relativa a subvencións, inclúense as subvencións nominativas que se prevé conceder durante este exercicio a diferentes entidades sen ánimo de lucro. Entre elas figura á AVV Santa María de Seixas (AVV Seixas), cun importe máximo previsto de 3.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 334-48000.

A entidade presentou no rexistro do Concello, con data do 19-03-2023, solicitude de sinatura do convenio previsto no orzamento municipal, para poder facer fronte ás obrigas económicas derivadas da súa actividade en materia cultural e veciñal.

Vistos os referidos antecedentes, e en exercicio das competencias atribuídas á Alcaldía na lexislación vixente, mediante o presente

#### RESOLVO:

1º.- Aprobar o Convenio de colaboración entre o Concello de As Somozas e a AVV Seixas para 2023, co seguinte contido:

#### **“CONVENIO DE COLABORACIÓN 2023 ENTRE O CONCELLO DE AS SOMOZAS E A ASOCIACIÓN DE VECIÑOS SANTA MARÍA DE SEIXAS**

#### REUNIDOS

Dunha parte, Juan Alonso Tembrás, Alcalde presidente do Concello de As Somozas, actuando en representación do mesmo.

Doutra parte, Cristina Casas Fernández, con DNI XX7224XXX, actuando en representación da Asociación de Veciños Santa María de Seixas, (AVV Seixas), con CIF G70597471, inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións co número 05, na súa condición de presidenta da mesma.

#### EXPOÑEN:

Que a AVV Seixas colabora co Concello de As Somozas na organización de actividades culturais, deportivas, lúdicas e festivas de interese para a veciñanza de Seixas e a do conxunto do Concello.

Que o Concello de As Somozas ten a vontade de colaborar na actividade da AVV Seixas contribuindo ó financiamento das actividades propias desa entidade e das que realiza en colaboración co Concello, atendendo á solicitude formulada por esa entidade.

Que a Base 39ª de Execución do Orzamento deste Concello para 2023, denominada “Subvencións”, recolle expresamente a previsión de concesión de varias subvencións nominativas, entre elas unha destinada á AVV Seixas cun importe máximo previsto de 3.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 2023-334-48000.

En vista do antedito, ambas as partes acordan as seguintes

#### CLÁUSULAS:

##### PRIMEIRA



O Concello de As Somozas e a AVV Santa María de Seixas amosan a súa intención de colaborar na organización e financiación de actividades culturais, deportivas e festivas e a realización de tódalas actividades que se considere que supoñan beneficios para os veciños de Recemel e os do Concello en xeral.

As previsións de actividades da AVV Seixas para o presente ano 2023 figuran no orzamento e no programa de actuacións presentados por esa entidade na súa solicitude.

## **SEGUNDA**

O Concello de As Somozas comprométese a:

- Realizar durante o ano 2023 unha achega económica por un importe máximo de 3.000,00 euros, en concepto de axuda para sufragar os gastos ocasionados polos compromisos adquiridos pola AVV Seixas, en execución do seu programa de actividades para 2023, e relacionados na cláusula cuarta do presente convenio.

Para o presente Convenio, o importe da achega económica comprometida será de 1.990,90 €, en cumprimento do indicado na solicitude presentada pola AVV Seixas.

- Facilitar a actividade da AVV Seixas e o seu acceso ás instalacións e dependencias municipais que poida precisar para o exercicio das súas funcións, con respecto en todo caso á legalidade vixente.

## **TERCEIRA**

O pagamento da achega indicada na cláusula anterior será aprobado pola Alcaldía, de acordo co seguinte detalle:

- A metade do importe da axuda (1.000,00 euros) aboarase tras a sinatura do presente convenio.

- O importe restante (990,90 euros) farase efectivo tras a xustificación dos gastos realizados e comprendidos no presente convenio

A xustificación da axuda deberá realizarse antes do 20 de decembro de 2023, podendo ser ampliado o prazo previa petición razoada e por causas xustificadas.

O importe dos gastos xustificables debe ser como mínimo o da suma de todas as axudas económicas recibidas pola AVV Seixas no presente exercicio 2023. No suposto de que non se presente a xustificación polo importe esixido procederase á minoración proporcional da subvención concedida, esixindo á AVV Seixas o reintegro da cantidade correspondente, no seu caso.

As facturas que se presenten como xustificantes, deberán corresponder con gastos directamente relacionados coas actividades subvencionadas e deberán vir acompañadas do correspondente xustificante bancario de pagamento.

A presentación da xustificación deste convenio fóra de prazo, logo de recibir o correspondente requirimento, suporá a imposición das seguintes sancións:

- Presentación da documentación xustificativa no prazo de 15 días posteriores ao requirimento do Concello, tras a finalización do prazo establecido na convocatoria: redución do 15 % da cantidade recollida neste convenio.

- A non presentación da documentación xustificativa no prazo indicado no parágrafo anterior dará lugar á perda total do importe conveniado, coa conseguinte obriga de devolución das cantidades percibidas como anticipo, se é o caso.

## **CUARTA**

Pola súa banda, a AVV Seixas comprométese a:

- Continuar colaborando co Concello na organización de actividades culturais e deportivas de interese para a veciñanza.

- Presentar, dentro do prazo establecido no presente Convenio, conta xustificativa da subvención recibida, xunto coa documentación acreditativa das actividades realizadas, das comprendidas na memoria de actividades presentada, que incluírá facturas expedidas en legal forma comprensivas da totalidade dos gastos realizados, no modelo que forma parte do presente Convenio como Anexo.

- Presentar, a requirimento do Concello, toda a documentación que se considere precisa para acreditar o correcto destino da subvención concedida.

## **QUINTA**

O período de vixencia deste convenio comprende a presente anualidade de 2023.

## **SEXTA**

O material publicitario que se realice relacionado coas actividades previstas no presente convenio, deberá facer constar de forma clara a colaboración do Concello de As Somozas, incluíndo o logo do Concello. O incumprimento desta cláusula poderá constituír causa de rescisión do presente convenio.

## **SÉTIMA**

Serán causas de resolución do presente convenio as seguintes:

- A desviación da axuda concedida para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.

- O incumprimento por parte da asociación dos requisitos e obrigas establecidas neste convenio.

- As contempladas con carácter xeral, no artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

No caso da resolución do convenio por mor das causas anteditas, a AVV Seixas deberá proceder, no seu caso, ao reintegro dos fondos efectivamente aboados polo Concello, coa esixencia dos xuros de demora correspondentes dende o momento do pagamento da axuda até a data en que se acorde a procedencia do reintegro.

## **OITAVA**

Os compromisos establecidos para as partes nas cláusulas precedentes poderán ser revisados de mutuo acordo en caso que se considere oportuno.



## ANEXO

### CONTA XUSTIFICATIVA DE SUBVENCIÓN MUNICIPAL PARA 2023 ENTIDADE SOLICITANTE: AVV SANTA MARÍA DE SEIXAS

#### REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓN Nº 05

Don/Dona \_\_\_\_\_, con documento de identidade nº \_\_\_\_\_ como representante da entidade \_\_\_\_\_, na súa condición de presidente/a da mesma,

#### DECLARO:

A) Que se lle concedeu unha subvención nominativa, mediante convenio asinado con data do \_\_\_\_\_, para as actividades e/ou investimentos recollidos na solicitude oportunamente presentada, e que durante o periodo indicado nese convenio, realizáronse os gastos que se relacionan na seguinte conta xustificativa:

| Número | Proveedor | CIF | Nº de factura | Concepto | Importe |
|--------|-----------|-----|---------------|----------|---------|
|        |           |     |               |          |         |
|        |           |     |               |          |         |
|        |           |     |               |          |         |
|        |           |     |               |          |         |
|        |           |     |               |          |         |
|        |           |     |               |          |         |
|        |           |     |               |          |         |
|        |           |     |               |          |         |
|        |           |     |               |          |         |
|        |           |     |               |          |         |
|        |           |     |               | TOTAL    |         |

B) Que se xunta relación de facturas polo importe da subvención concedida, xunto cos xustificantes bancarios da efectiva realización dos pagamentos correspondentes

C) Que os gastos que arriba se detallan son reais, foron aplicados ás finalidades para as que se concedeu a subvención e foron reflectidos nos libros contables da entidade.

D) Que á entidade á que represento lle foron concedidas, para as mesmas finalidades, as seguintes axudas ou subvencións:

| Entidade concedente | Obxecto da axuda ou subvención | Importe € |
|---------------------|--------------------------------|-----------|
|---------------------|--------------------------------|-----------|

E) Que o importe total das axudas ou subvencións recibidas en 2023 non superou o importe total dos gastos devengados.

F) Que se fixo a debida divulgación do financiamento por parte do Concello de As Somozas das actividades e investimentos subvencionados. Xúntase a efectos xustificativos un exemplar de toda a documentación impresa xerada polas actividades ou investimentos subvencionados.

G) Que a entidade á que represento está ó corrente coas súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social, e non ten débedas de ningún tipo co Concello de As Somozas. Autorízase en calquera caso o Concello de As Somozas a obter as certificacións necesarias desas Administracións Públicas.



(Sinatura electrónica da persoa representante)

## ANEXO

[illegible]

Cod. Validación: 6JWKL R2RX4SMSSMLQXGJXGXZS  
 Corrección: <https://assomozas.sedelectronica.gal/>  
 Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 5



*E en proba da conformidade, ambas as partes subscriben este Convenio na data da sinatura electrónica."*

2º.- Dispor que se notifique o contido da presente Resolución á AVV Seixas e que de dea conta ó Pleno do Concello na primeira sesión que se celebre.

3º.- Aprobar o gasto polo importe máximo de 3.000,00 €, indicado no convenio, e dispor o pagamento da cantidade indicada na cláusula 3ª do mesmo, con carácter de anticipo prepagable a xustificar polo beneficiario, nas condicións e prazos indicados no propio convenio, con cargo á aplicación orzamentaria 2023-334-48000.

As Somozas, na data da sinatura electrónica.

Asinada dixitalmente polo alcalde, Juan Alonso Tembrás, do que eu, secretario-interventor municipal, Miguel A. Arroyo Moreno, dou fe.



## RESOLUCIÓN

### ASUNTO: APROBACIÓN DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA UNIÓN DEPORTIVA SOMOZAS. Expediente 73/2023

#### ANTECEDENTES:

Con data do 28-12-2022 publicouse no BOP n.º 245 o anuncio de aprobación definitiva do orzamento deste Concello de As Somozas para 2023. Na Base 39ª, relativa a subvencións, inclúense as subvencións nominativas que se preve conceder durante este exercicio a diferentes entidades sen ánimo de lucro. Entre elas figura á Unión Deportiva Somozas, cun importe previsto de 250.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 341-48000. Esta entidade ven recibindo aportacións económicas por esta mesma vía dos convenios reguladores de subvencións nominativas, e por este mesmo importe, nos últimos exercicios orzamentarios, para o mantemento da súa actividade deportiva de competición na liga nacional.

A entidade presentou no rexistro do Concello, con data do 07-02-2023, solicitude de sinatura do convenio previsto no orzamento municipal, para poder facer fronte ás obrigas económicas derivadas da súa participación na liga de terceira división.

Vistos os referidos antecedentes, e en exercicio das competencias atribuídas á Alcaldía na lexislación vixente, mediante o presente

#### RESOLVO:

1º.- Aprobar o Convenio de colaboración entre o Concello de As Somozas e a Unión Deportiva Somozas para 2023, co seguinte contido:

"As Somozas, febreiro de 2023

#### REUNIDOS:

Dunha parte, o Alcalde-presidente do Concello das Somozas, Juan Alonso Tembrás, asistido polo Secretario-interventor, Miguel A. Arroyo Moreno, que actúa como fedatario da formalización do presente convenio, no exercicio da función de fe pública, de conformidade co que dispón o artigo 2.i) do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da administración local con habilitación de carácter nacional.

E doutra parte D. José Luis Landrove Meizoso con DNI 32630716H, en calidade de secretario e representante da Unión Deportiva Somozas, con sede social no lugar de Iglesia - 15565 As Somozas, na localidade de As Somozas e CIF: G15473283

Previa manifestación do Sr. Landrove de subsistencia do cargo co que actúa así como das facultades das que fai uso as partes participantes recoñécense mutuamente a capacidade suficiente para a válida celebración deste convenio, e

#### MANIFESTAN:

Primeiro.- Que o Concello das Somozas considera de interese xeral e ten como obxectivo proporcionar alternativas vinculadas ao eido deportivo como unha medida preventiva e de integración social. Nesta liña, o concello pretende promoción da práctica do deporte aficionado no termino municipal.

Segundo. - Que a Unión Deportiva Somozas organiza actividades de fútbol neste termino municipal.

Terceiro.- Que no seu artigo 25, a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, atribúeselle aos concellos, entre outras, a competencia para a promoción do deporte, instalacións deportivas e ocupación do tempo libre.



Para a consecución destes obxectivos, o Concello das Somozas busca liñas de cooperación coas distintas entidades sociais que teñan entre as súas funcións estes mesmos fins, e desenvolverá os programas necesarios para a execución da política municipal neste ámbito.

En virtude do exposto, as partes que interveñen acordan formalizar o presente Convenio de colaboración, de conformidade coas seguintes:

## **CLAÚSULAS:**

### **I.- OBXECTO.**

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre o Concello de As Somozas e a Unión Deportiva Somozas (en adiante entidade beneficiaria), para o financiamento da promoción do fútbol, favorecendo a formación e ocupación do tempo libre dos habitantes deste termino municipal.

O Club de Fútbol Unión Deportiva Somozas organiza actividades de fútbol neste termino municipal.

O obxecto do presente convenio é colaborar co financiamento dos gastos correspondentes a fomentar o deporte e a participación da entidade deportiva Unión Deportiva Somozas no campeonato de liga de 3ª división no que participa.

### **II.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO**

Para o seguimento deste convenio e dous seus fins poderá crearse unha Comisión Mixta de Seguimento, de carácter paritario, na que estarán representados, por parte do Concello das Somozas o Alcalde e o primeiro tenente de alcalde, e por parte da entidade beneficiaria, o tesoureiro e o secretario, representantes da xunta directiva da entidade.

As funcións desta comisión concrétaranse en:

- Facer un seguimento do cumprimento dos compromisos contemplados nas cláusulas deste convenio.
- Revisar os acordos actuais e dar o visto e prace ás addendas que puidesen sumarse a este acordo.
- Representar os intereses do Concello das Somozas e da entidade beneficiaria relativos ao contido deste convenio ante as institucións públicas ou privadas coas que sexa preciso relacionarse para a consecución dos obxectivos.
- Formular cantas propostas sexan necesarias para enriquecer e mellorar o obxecto deste convenio.

### **III.- COMISIÓN TÉCNICA**

Poderá crearse tamen unha Comisión Técnica de Traballo, tamén paritaria, que será designada pola Comisión de Seguimento. Esta comisión terá as seguintes funcións:

- Coordinar tecnicamente as accións a implementar para dar cumprimento aso fins deste convenio.
- Elevar cantas propostas técnicas sexan necesarias á Comisión Mixta de seguimento para enriquecer e mellorar o obxecto deste convenio.

### **IV.- COMPROMISOS DAS PARTES**

1.- O Concello de As Somozas comprométese a :

a) Facilitar os recursos humanos da Comisión Técnica de traballo prevista

b) Realizar unha achega económica por importe máximo de 250.000,00 € (douscentos cincuenta mil euros) destinada ó financiamento dos gastos correspondentes para fomentar o deporte e a participación da entidade deportiva Unión Deportiva Somozas no campeonato de liga de 3ª división no que participa.

2.- A entidade beneficiaria, pola súa banda, adquire os seguintes compromisos:

a) Desenvolver a actividade deportiva de fútbol ao longo das tempadas 2022/2023 e 2023/2024.

b) Dar publicidade o financiamento deste concello de acordo co establecido na Cláusula VII.

c) Realizar durante a anualidade 2023 as actividades comprendidas na solicitude de subvención formulada diante do Concello.

### **V.- FINANCIAMENTO MUNICIPAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE.**



1.O Concello das Somozas contribuirá ao financiamento da actividade realizada pola entidade beneficiaria cunha achega máxima de 250.000,00 euros. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total da achega concedida, o Concello só achegará o importe da cantidade efectivamente xustificada.

2.- A subvención do Concello das Somozas é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, conxuntamente co da subvención municipal, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

## **VI.- GASTOS SUBVENCIONABLES. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN.**

Consideranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubitada respondan á natureza da actividade mencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen no prazo establecido neste convenio.

O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución da actividade corresponderalle á entidade beneficiaria. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á entidade beneficiaria, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencions.

## **VII.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO LOCAL E COMPROMISO DO USO DA LINGUAXE NON SEXITA E DA LINGUA GALEGA**

1. Na publicidade na que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónico, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento do Concello de As Somozas.

2. A entidade beneficiaria, nas súas comunicacións e publicidade, comprométese ao uso da lingua galega e á utilización da linguaxe non sexista.

3. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento destas obrigas da entidade beneficiaria.

## **VIII.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA LOCAL.**

A subvención farase efectiva nun único pagamento de 250.000,00 euros, con carácter prepagable, coa finalidade de acadar o financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á mesma, sen que, dado o seu importe, sexa necesario que o beneficiario constitutúa garantía algunha.

Para xustificar o importe subvencionado, a entidade beneficiaria deberá achegar, antes do 30 de decembro de 2023, a seguinte documentación:

- Memoria da actuación, subscrita polo representante legal da entidade beneficiaria, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados nos conceptos financiados, na que se indiquen os acredores co seu NIF /CIF, os documentos xustificativos e os importes e datas de pago. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente cotexadas das facturas e demais xustificantes de gasto. As datas dos xustificantes do gasto deberán estar comprendidas entre a data de inicio e fin do período de execución das actividades establecido na Cláusula IX.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na Cláusula X
- Declaración doutras axudas ou subvencions solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade. No caso de percibir outras axudas ou subvencións, haberá de acreditar que as axudas ou subvención percibidas non superan o gasto realizado.
- Certificación da conta bancaria, onde se ingresará a axuda.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na Cláusula VII, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento municipal.
- Presentar, dentro do prazo establecido no presente Convenio, conta xustificativa da subvención recibida xunto coa documentación acreditativa das actividades realizadas, das comprendidas na memoria das actividades presentada, que incluírá facturas expedidas en legal forma comprensivas da totalidade dos gastos realizados, no modelo que forma parte do presente Convenio como Anexo.

A vista da documentación xustificativa presentada pola entidade beneficiaria, os responsables da unidade xestora emitirán un informe acreditativo da realización da actividade e do cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención.

## **IX.- TERMO PARA A REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.**



1. O obxecto deste convenio deberá estar executado antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na Cláusula XV.

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de Subvencións (Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei d subvencións, lle poida corresponder.

3. O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación aportada.

#### **X.- ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL**

1. A entidade beneficiaria deberá acreditar, con carácter previo ao pagamento da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tribuarias coa Administración do Estado, coa Seguridade Social e co Concello. E para tal fin poderá autorizar ao Concello de As Somozas a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias co Concello das Somozas determinarase de oficio por este.

#### **XI.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS**

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia de data de pago e da identidade do perceptor.

3. Sen perxuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a entidade beneficiaria deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

#### **XII.- CONTROL FINANCEIRO DO CONCELLO DAS SOMOZAS E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.**

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de Subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola intervención municipal para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

#### **XIII.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2. Sen perxuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas.

#### **XIV.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.**

No cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa do desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporadas á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro.

#### **XV.- VIXENCIA DO CONVENIO E MODIFICACIÓN**

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata 31 de decembro de 2021. A efectos de xustificación, o período do gasto comprende a totalidade do exercicio 2022.







